

SEPE

Mesa Delegada

8/07/2025

Hoxe reuniuse a Mesa Delegada có único punto do día da aplicación ALMA. A reunión foi presidida polo Director Xeral e, unha vez máis, pintounos un “mundo maravilloso”. A CIG denunciou a responsabilidade política tanto do Director Xeral como da Ministra de Traballo. A nosa intervención fixo fincapé nos seguintes aspectos:

Incompetencia política.

O SEPE sabía que tiña que modificar a aplicación dende o 2014 polo que tivo tempo suficiente para facer as cousas ben. Sen embargo, a Dirección xeral demostrou unha flagrante incapacidade política para impulsar o cambio e modificou a lexislación e creou unha nova aplicación anos despois e a toda presa.

O despropósito do Grupo de Traballo.

A planificación da ALMA, entre o SEPE e a empresa Deloitte foi un exercicio de cegueira profesional. O grupo de traballo non incluíu persoal de oficina con experiencia directa no recoñecemento de prestacións por desemprego. É dicir, aqueles que realmente entenden que funcionalidades son vitais para unha aplicación eficiente foron deliberadamente excluídos do proceso de deseño.

Cambios normativos e de aplicación no verán, con falta de persoal e formación pésima.

Os cambios nas prestacións asistenciais, fora de toda lóxica organizativa, publícanse no verán, coincidindo coas vacacións do persoal. Para agravar a situación, a formación online proporcionada foi cualificada unanimemente como “pésima”, deixando ás empregadas e empregados sen as ferramentas nin o coñecemento necesarios. Esta decisión, executada sen contar có persoal e no peor momento posible é unha mostra clara da desconexión entre a Dirección Xeral e o Ministerio coa realidade do traballo.

A Dirección non trae solucións.

O Director Xeral presentouse na reunión sen ningunha solución, non aclarou cando se van solventar as carencias da aplicación, non contestou á pregunta de si se lle van esixir responsabilidades a Deloitte por vender unha aplicación que non funciona correctamente no prazo establecido e tampouco deu solución á falta de persoal.

O único que propuxo foi que **unha representante de cada sindicato, con posto en oficina de prestacións, participe no grupo técnico de traballo que se reúne os luns e que está formado pola representación do SEPE e a empresa Deloitte.**

Por parte da CIG xa nomeamos a unha compañeira de oficina e informaremos dos avances que se dean nese grupo.

